



/:Eu quería-me casar-e,
miña nai non teño roupa:/
/:casa miña filla casa
qu'unha perna tapa á i-outra:/

/:Para vir a xunt'a min:/
/:vai lavalá cara (x3)
ghalopín.

Eso de lavalá cara,
eso de lavaló pé,
eso de lavalá cara,
eso de lavaló pé,
/:eso de lavalá cara,
non sei qué demonio é:/

Si tus padres te riñen en casa,
abre, nena, el balcón.
Juntaremos los dos corazones
y hablaremos palabras de amor.

Como sabes que yo te quiero
sempre me andas facendo pena
polo mesmo que o supo querer a ti
corazón no te puede olvidar.

As nenas de Betanzos,
son pequerrichiñas e saben bailar,
non seades mentireiras
qu'inda non valedes
para m'engañar.

Que no te puede olvidar mi vida,
que no te puede olvidar mi alma,
que no te puedo olvidar mi vida,
que me tienes robadito el alma.

Miña soghra morreu onte,
meu soghro morreu aghora,
vamos a come-lo caldo,
¡quen morreu, que se joda!



O portal de meu soghro
enciraron m'os cans,
e saliu miña soghra
/:cunha tranca nas mans:/
un zapato no pé,
ela quer non me quere
i eu ben sei por que é.

Meu soghro quéreme mal-e
porque lle falo co fillo,
/:heille de mandar recado
que o gharde no bolsillo:/

Yo cuando voy a la misa
rezo a la Santa Teresa,
/:que Dios me de unha soghra
que teña la lengua presa:/

/:Miña soghra, qu'ha de ser-e:/
/:pedinlle augha, doume viño,
non tén mais que me facer-e:/